



Rooque

Vilagarcía

Programa de festas

Agosto 2009



Cousa de todos

É posible que, como di a canción, no sexan bos tempos para a lírica. Pero precisamente por iso non debemos renunciar aos momentos de lecer que nos ofrece o ano. É o caso das festas patronais de San Roque, ou, para ser máis precisos, ese abano de actividades de moi diverso tipo que englobamos no Verán Vilagarcía.

Para que este amplo e variado programa, para todos e para todas as idades, sexa posible, é necesaria a conxunción de moitos “quereres” e moitos “saberes”. Comandados pola Concellería de Cultura, neste programa participaron tamén as de Turismo e Xuventude e a Fundación de Deportes, ademais de multitude de departamentos e servizos municipais que fan posible que todo estea a punto para calquera espectáculo e que todo volva á normalidade unha vez rematado. Por iso, vaia dende aquí o meu agradecemento ao seu labor.

Aos demais, aos que disfrutamos do traballo realizado antes, durante e despois das festas, o meu desexo de que pasemos uns días cheos de ledicia, solidariedade e alegría cos amigos e familiares que están e os que retornan para descansar.

Aos que nos visitan, a miña noraboa pola súa sabia decisión. Somos un pobo aberto, hospitalario e dinámico. Somos o que somos e como somos, e nos gusta compartilo. Música para todos os gustos e todas as idades, actividades deportivas e para nenos, xornadas gastronómicas, festivais pirotécnicos centenarios, folclore... conforman unha oferta lúdica e festiva que goza da declaración de interese turístico nacional. É responsabilidade de todos que así siga sendo.

Unha forte aperta.

Dolores García Giménez

Alcaldesa-Presidenta de Vilagarcía de Arousa



Un intre de felicidade

San Roque congréganos de novo. E nós, agradecidos como corresponde, respondemos á súa cita coas nosas mellores galas, con non pouco ánimo e con vontade participativa. Así son as nosas festas. Acolledoras tamén. E abertas aos que nos visitan. Aos que fan de Vilagarcía a súa casa por un días.

Non son tempos doados, pero iso non debe ser excusa para o disfrute e o lecer que corresponde nestas datas. Dende a responsabilidade que me toca asumir fixeime como obxectivo procurar un intre de felicidade para cada un de vós nestas festas. Con iso dareime por satisfeito. Haberá quen o atope nas verbenas. Outros é posible que o recollan nalgún concerto, no Combate Naval ou empapado na Baldosa. Haberá quen o sinta, sinxelamente, paseando polas animadas rúas. Ou nos momenos de recollemento, que a festa tamén os ten.

Sexan os que sexan, confío que eses intres de gozo compartido fagan que sintades estas festas como verdadeiramente vosas. Que o son.

Unha aperta.

Xosé Castro Ratón

Concelleiro de Cultura de Vilagarcía de Arousa



Domingo 2

23.00 h.

Concerto: Aló Irmao

Escenario Alameda.

Dous músicos, dúas culturas, dúas traxectorias e un mesmo océano. O guitarrista galego Narf e o músico e produtor guineano afincado en Portugal Manecas Costa coincidiron un día en que sería interesante fundir nun proxecto musical as súas ideas, a súa forma de entender e de sentir a música. Tan lonxana en principio, pero tan semellante no fondo. Así naceu Aló Irmao.

LUNS 3
ODAIKO (ODAIKO)

MARTES 4
TALANCA GROUPE (TALANCA GROUPE)

MERCRES 5
SON DE NADIE (SON DE NADIE)

XOVES 6
EL SOMBRERO DEL ABUELO (EL SOMBRERO DEL ABUELO)

VENRES 7
DUMBALA CANALLA (DUMBALA CANALLA)

UN MUNDO DE MÚSICAS
VILAGARCÍA

ESCENARIO ALAMEDA · 23 H. · ENTRADA DE BALDE



Luns 3

23.00 h.

Festival “Un mundo de músicas”: Odaiko

Escenario Alameda.

O grupo galego de percusión presentan o seu novo e recente espectáculo, “Galician on board”, no que conceptos como labrego, folclore, emigración, industrialización, etcétera, están presentes ao longo do show nunha viaxe músico-percusiva tratada dun xeito vangardista. Odaiko ofrécenos un crisol de ideas musicais onde os ritmos de culturas alleas como o latino, o flamenco, o brasileiro ou o africano se mesturan coas innovacións técnicas percusivas e o folclore galego para representar un pasado que dá resposta ao noso presente.

Martes 4

23.00 h.

Festival “Un mundo de músicas”: Talanca Group

Escenario Alameda.

Xurdido na noite de Barcelona, Talanca Group é o resultado da unión do cantor barcelonés Miki Saura, o guitarrista porteño Gaspar Müller, o baixista cordobés Tebi Fillol e a baterista de Nova Jersey, Mary Katherine Hoogan. O obxectivo de Talanca Group é achegar unha visión actual e persoal do tango, abordando o repertorio clásico a través dunha instrumentación acústica non do todo “purista”, pero ofrecendo sempre unha versión respectuosa dos elementos esenciais que identifican ao xénero.

Mércores 5

23.00 h.

Festival “Un mundo de músicas”: Son de nadie

Escenario Alameda.

O grupo formouse na cidade de Granada en 2004. Está composto por 7 músicos. A mestizaxe é a súa clave por dobre partida. Pola súa procedencia e polo seu estilo. Tal é como nos demostran coa súa amálgama de sons, onde amosan mestría e destreza musical, con cancións mestizas, que cabalgan entre sons de raíces negras: reggae, ska, funky, jazz... e, sobre todo, de raíces latinas: son, salsa, boogaloo, cumbia, flamenco, tango... O resultado, un auténtico cóctel musical mesturado e fusiónado á perfección.



Xoves 6

Das 22.00 á 01.30 h.

Espazos activos

Parque do Cavadelo, lameda, Praza da Peixería, Praza de Galicia e complexo polideportivo de Fontecarmoa.

Actividades deportivas para todas as idades e gratuitas: competicións de floorball, minibasket, fútbol 3x3, xadrez, tiro con arco e xogos xigantes (parchís, damas, xadrez...).

22.00 h.

OFestivalION

Praza do Castro.

Poxección de curtametraxes galegas, nacionais e internacionais ao aire libre. O programa inclúe as curtas *El encargado*, de Sergio Barreijón; *Pánico a una muerta ridícula*, de Rubin Stein; *La Sortie*, de Jesús Domínguez Sánchez; *C'est la vie*, de Young Gyu Lee; *The road*, de Fahim Hashimy; *Ferro ardeno*, de Miguel García Fernández; *La carrera*, de Alam Raja; e a curta de animación con area sobre cristal *No corras tanto* de César Díaz.



23.00 h.

Festival “Un mundo de músicas”: El sombrero del abuelo

Escenario Alameda.

El sombrero del abuelo é unha das bandas punteiras na actual escena mestiza de Madrid. Son recoñecidos como unha das formacións portadoras do son “made in Lavapiés” pero cuns aires frescos e renovados, dando vida e actualizando o triturado selo da mestizaxe. Rumba'n'Bass de cantautor, bule-rías tácitas de verbo peleón, electrónicas free-jazzeras, bohemia caribeña, tecnocopleo e flamenco inesperado son algunhas das etiquetas que farían falta para definir o son deste grupo. menco, tango... O resultado, un auténtico cóctel musical mesturado e fusionado á perfección.

Venres 7

Das 22.00 á 01.30 h.

Espazos activos

Parque do Cavadelo, Alameda, Praza da Peixería, Praza de Galicia e complexo polideportivo de Fontecarmoa.

Actividades deportivas para todas as idades e gratuitas: competicións de floorball, minibasket, fútbol 3x3, xadrez, tiro con arco e xogos xigantes (parchís, damas, xadrez...).

23.00 h.

Festival “Un mundo de músicas”: Dúmbala canalla

Escenario Alameda.

Dúmbala Canalla é unha formación con moita base instrumental. E así se percibe nos seus directos, onde a instrumentación xoga coas letras, melodías e harmonías. A sonoridade do grupo combina todos os intereses musicais dos membros do mesmo. Por iso pódese notar jazz e música dos Balcáns, pasando entre gipsy, klezmer, swing e música tradicional catalá.





Sábado 8

18.00 h.

LXII Campeonato de España de Traiñas

Vilaxoán.

Coa participación das mellores tripulacións de Galicia, Cantabria, Euskadi e Asturias.

22.30 h.

XIV Encontro Folcórico Malveiras

Escenario Alameda.

Coa participación das agrupacións Cantigas do Agarimo (santiago), Asociación Coros e Danzas Dúas Pontes e Malveiras (Carril).

Domingo 9

12.00 h.

LXII Campeonato de España de Traiñas

Vilaxoán.

Coa participación das mellores tripulacións de Galicia, Cantabria, Euskadi e Asturias.

Luns 10

21.00 h.

Ás nove na praia

Praia da Concha.

Sesións chill-out para disfrutar do solpor no areal de Vilagarcía.

Martes 11

Festival Urban VGA

Parque do Cavadelo.

12.00 h.

Inicio de actividades: quedada, skate, bmx, exhibición de graffiti.

15.30 h.

Apertura-inscripción concurso fotografía (ate as 20.00 horas).

17.00 h.

Exhibición de bmx e skate (con regalos e premios para os mellores trucos).

21.30 h.

Entrega de premios do concurso de fotografía e proxección das fotos.

23.00 h.

Concerto cos grupos: **Duke Sam**, **Kaixo Sama** e **Tramaturgia**.



21.00 h.

Ás nove na praia

Praia da Concha.

Sesións chill-out para disfrutar do solpor no areal de Vilagarcía.



Un fotograma de Wepereg.

22.00 h.

OFestivalION

Praza do Castro.

Proxección de curtametraxes galegas, nacionais e internacionais ao aire libre. O programa inclúe as curtas *The werepig*, de Sam Orti; *Niño balcón*, de Pilar Palomero; *Tan preto e tan lonxe*, de Isabel Rey; *Mi chiamo Seby*, de Gabriele Galanti; *La leyenda del ladrón del árbol de los colgados*, de Sami Natsheh; *Socarrat*, de David Moreno; *In the name of God*, de Julia Geker; e *Mei Ling*, de Stephanie Lansaue e François Leroy.



O rapeiro vilagarcían Slowlee é unha das actuacións estrelas do festival Urban VGA.

23.00 h.

Concerto cos grupos: **Slowlee**, **Dios ke te Crew** e **Shotta**.

21.00 h.

Ás nove na praia

Praia da Concha.

Sesiões chill-out para disfrutar do solpor no areal de Vilagarcía.

Mércores 12

Festival Urban VGA

Parque do Cavadelo.

12.00 h.

Exhibición de graffiti.

12.30 h.

Concerto de **Da ría mafia**.

13.00 h.

Exhibición de skate.

19.00 h.

Exhibición de bmx.

20.00 h.

Concerto de **Grand's** e **Colectivo VGA en llamas**.

21.30 h.

Batalla de galos.

Xoves 13

22.00 h.

OFestivalON

Praza do Castro.

Proxección de curtametraxes galegas, nacionais e internacionais ao aire libre. O programa inclúe as curtas *0,8 Miligramos*, de Imanol Ruiz; *Continuará*, de Esther Fernández; *Runners*, de Mare Reixach; *Matando el sueño*, de Leticia Castro, Manel Raga e Eider Sáez; *On/Off*, de Avgousta Zourelidi; *Túneles en el río*, de Igor Galuk; *Encanto*, de Julia de Simone; e *A miña casa é un inferno*, de Diego Méndez.

21.00 h.

Ás nove na praia

Praia da Concha.

Sesiões chill-out para disfrutar do solpor no areal de Vilagarcía.

22.30 h.

Encontro Folclórico "Embruxo"

Escenario Alameda.

Organiza: Agrupación Embruxo de Guillán.

23.00 h.

Concerto "Vilagarcía son": Tenderete, Magritte, Gama Soul

Explanada TIR.

Concerto con tres grupos dos que forma parte algún músico vilagarcían. O concerto rematará cunha sesión a cargo do dj residente do pub Harbour.



Venres 14

Celebración de San Roquiño O Pequeno

Pola mañá.

Dianas e alboradas con Os Terribles de Arousa

Concerto da Banda Cultural de Vilanova

Barrio de San Roque.

Organiza: Comisión de festas de San Roquiño O Pequeno.

20.00 h.

Concerto da Banda de Música de Vilagarcía

Parque de Ravella.

21.00 h.

Pregón das festas de San Roque 2009

Casa do Concello.

Tralo pregón, que terá lugar dende o balcón da Casa Consistorial, ofrecerase un espectáculo pirotécnico.



23.00 h.

Concerto Mexillón de Galicia

Milladoiro e Mafalda Arnauth

Escenario Alameda.

Con casi treinta años de traxectoria, a formación de referencia da música tradicional en Galicia chega a Vilagarcía para presentar os seus clásicos de sempre e as composicións do seu novo disco, *A quinta das lágrimas*. Milladoiro estarán acompañados neste concerto pola fadista portuguesa Mafalda Arnauth, quen colaborou con eles no seu último traballo.

22.30 h.

Verbena: **Orquestra Odeón e Grupo Azahara**

Barrio de San Roque.

Organiza: Comisión de festas de San Roquiño O Pequeno.

23.00 h.

Actuación do Grupo de Gaita e Baile da Asociación A Nosa Señora da Xunqueira, de Vilagarcía

Albarousa. Praza da Peixería.

Sábado 15

Celebración de San Roquiño O Pequeno

Organiza: Comisión de festas de San Roquiño O Pequeno.

10.00 h.

Dianas e alboradas con Os Terribles de Arousa e a Banda de Música de Vilagarcía.

Barrio de San Roque.

12.30 h.

Misa na capela de San Roque co coro Santa Eulalia.

13.00 h.

Romería con reparto de empanada e viño.

Barrio de San Roque.

10.30 a 13.30 h.

O club dos Superroquiños

Parque Miguel Hernández.

Durante toda a mañá os rapaces e rapazas participarán en diversas iniciativas de carácter lúdico e festivo nas que, ademias de divertirse, poderanse achegar ás causas que xeran pobreza no mundo e participar das posibles solucións.
Colabora: Solidariedade Internacional de Galicia.

13.00 h.

Pasarrúas

Rúas de Vilagarcía.

Grupos de gaiteiros e de música tradicional, charangas e espectáculos de animación de rúa.

19.00 h.

Pasarrúas

Rúas de Vilagarcía

Grupos de gaiteiros e de música tradicional, charangas e espectáculos de animación de rúa.

21.30 h.

Gala de Verán de Afasal: **Exhibición de bailes de salón**

Escenario Alameda.

Exhibición a cargo do Club de Baile Al Compás de Vigo.

Organiza: Afasal e concellería de Cultura.

23.00 h.

Actuación da Agrupación Folclórica Abiñadoira, de Santiago

Albarousa. Praza da Peixería.

23.00 h.

Verbena: **Orquestra Stereo**

Praza de Galicia.



domingo 16



Agosto 2009

Domingo 16

11.45 h.

Traslado de San Roque

Saída dende a igrexa parroquial de Santa Baía.

Traslado da imaxe do santo ata a capela de San Roque ao son do pasadobre "Triunfo".

12.00 h.

Festa da Auga

Rúa de San Roque.

Trala lectura do pregón dará cozo a Festa da Auga polas rúas e prazas da "zona húmida".

19.00 h.

Pasarrúas

Rúas de Vilagarcía.

Grupos de gaiteiros e de música tradicional, charangas e espectáculos de animación de rúa.

20.00 h.

Procesión de San Roque

Saída coa imaxe do santo dende a capela de San Roque co percorrido de costume, acompañada pola Banda de Música de Vilagarcía e grupos de música tradicional. Misa cantada pola Coral Santa Eulalia-Nosa Señora da Xunqueira.

23.00 h.

Concerto: Karoll William

Escenario Alameda.

Pintor, trovador e director do exitoso grupo cubano Hoyo Colorado, Karoll William é un xove artista que se deu a coñecer a través das diversas facetas do seu traballo artístico.

Nos seus oito anos de traballo Hoyo Colorao ten actuado nos máis importantes escenarios cubanos, ademais das Illas Caimán, Alemaña, Arxentina e Venezuela Hoyo Colorao, ten actuado en importantes escenarios de todo o mundo, xunto a artistas como Chucho Valdés o Los Van Van.

En Vilagarcía preséntase como solista. O seu repertorio inclúe versións *unplugged* das cancións do seu grupo así como pezas da nova trova cubana e temas escritos por el especialmente para as súas presentacións en solitario.

Descendente de emigrantes que no século pasado viaxaron de Xamaica a Cuba, Karoll William asume as súas raíces e abre o seu abano sonoro cara ao reggae e o hip hop, que mestura co son e co chachachá.

23.00 h.

Verbena: Orquesta Troco

Praza de Galicia.

Luns 17

10.30 a 13.30 h.

O club dos Superroquiños

Parque Miguel Hernández.

Xogos de animación e de cooperación, inchables, obradoiros, etc.



17.30 h.

Festa da espuma

Praza de Galicia.

Organiza: Diario de Arousa.

21.00 h.

Concerto da Big Band Vilagarcía

Alameda.

23.00 h.

Actuación da Agrupación Tequexeteldere, da Estrada

Albarousa. Praza da Peixería.



23.00 h.

Concerto: Xira “Los mejores años de nuestra vida”

A Xunqueira.

O grupo do programa de TVE “Los mejores años de nuestra vida” do que forman parte dez “ex triunfitos” interpreta temas dos 50, 60, 70, 80 e 90 lembrándonos así cancións de décadas pasadas en voces actuais.

O grupo está formado polos cantantes Lorena, Iván Santos, Nika, Fran Dieji, Pablo, Mimi, Daniel Zuera, Anabel, Sandra Polop e Víctor.



Martes 18

10.30 a 13.30 h.

O club dos Superroquiños

Parque Miguel Hernández.

Xogos de animación e de cooperación, inchables, obradoiros, etc.



22.00 h.

O FestivalON

Praza do Castro.

Proxección de curtametraxes galegas, nacionais e internacionais ao aire libre. O programa inclúe as curtas *En (terrados)*, de Álex Lora; *You are my hero*, de T. Bilgeri; *A fábrica*, de Marcos Nine; *Broken Horizon*, de S. Hooymans; *Pim, pam, pum*, de Asier Urbieto e Andoni de Carlos; *Soy Meera Malik*, de Marcos Borregón; *On the line*, de Joan Garaó; e *Teherán 318*, de Soran Mardookhi.

23.00 h.

Actuación do Grupo de Danza Galega Embruxo, de Guillán

Albarousa. Praza da Peixería.



23.00 h.
Concerto: Kiko Veneno

A Xunqueira.

Que mellor que botarse un canteiro festivo nunha noite de verán? Pois iso é precisamente o que propón Kiko Veneno nos seus directos. A súa ampla discografía con infinidade de éxitos permítille converter cada unha das súas actuacións nunha festa. En Vilagarcía presentarase ademais acompañado de toda a súa banda.

En sentido estricto, Kiko Veneno non é un artista flamenco. Non pode negarse a presenza dalgúns elementos deste xénero na súa música, pero tamén os hai provenientes do rock, do pop ou do blues.



"Polar bear", unha das fotos de Miguel Lasu, un dos fotógrafos participantes en Proxecta 09.

Mércores 19

10.30 a 13.30 h.

O club dos Superroquiños

Parque Miguel Hernández.

Xogos de animación e de cooperación, inchables, obradoiros, etc.

20.30 h.

Exposición: "Our world now"

Auditorio.

No marco da segunda edición do festival Proxecta, terá lugar a inauguración da exposición internacional de fotografía "Our world now", unha mostra con máis de 50 fotografías que recollen todo un ano de traballo da axencia Thomson-Reuters. A mostra permanecerá exposta no hall do auditorio ata o 19 de setembro.

22.30 h.

Proxecta 09

Alameda.

Coincidindo coa celebración do Día Mundial de la Fotografía, realizarase a segunda edición deste festival coa proxección ao aire libre dos traballos de 15 prestixiosos fotógrafos profesionais nacionais e internacionais.



23.00 h.
Concerto: **Pignoise**

A Xunqueira.


Ninguén pode pór en dúbida que Pignoise está no seu mellor momento.

Xa deixaron atrás o seu pasado como futbolistas de elite e agora coñéceselles e recoñece como músicos. Son simplemente Pignoise.

O éxito sorprendeulle en abril de 2006 co seu terceiro álbum *Anunciado en Televisión*, tras sete anos de moito esforzo e dedicación co fin de facerse un oco entre as bandas de rock que estaban a emerxer naquel momento.

A elección dunha das súas cancións como sintonía de cabeceira do programa de televisión *Los hombres de Paco* cambioulles a vida e conseguiron, non só facerse un oco, senón que ademais alcanzaron os primeiros postos das listas de vendas.

Toda esta intensidade sobre as táboas, e a responsabilidade do éxito levoulles a concibir un cuarto disco enorme: "Cuestión de Gustos", trece novas cancións de guitarras e refráns gañadores. Son 100x100 Pignoise que aínda que soa familiar non soa repetitivo. Afrontan coa mesma valentía a melodía e o nervio e volven sorprendernos cun puñado de rifs de guitarra, deses que se poden cantar, e que ensamblan de forma venenosa coa harmonía da voz sempre tan inspirada do seu vocalista Álvaro Benito.



Xoves 20

10.30 a 13.30 h.

O club dos Superroquiños

Parque Miguel Hernández.

Xogos de animación e de cooperación, inchables, obradoiros, etc.



21.00 h.

Xuntanza-Concerto de Bandas de Música

Praza de Galicia.

Actuación da Banda de Música de Vilagarcía e Banda de Música Xuvenil de Barro.

22.00 h.

O FestivalON

Praza do Castro.

Proxección de curtametraxes ao aire libre. O programa inclúe as curtas *Miente*, de Isabel Docampo; *Muto*, de Blu, *La chica dentro de la caja*, de Matt Dickinson; *Vellas*, de Carlos Prado; *El misterio del pez*, de Giovanni Macceli; *Stikk*, de Vifidis Nielsen; *Funfair*, de Anette Otto; *O raio transparente*, de Pancho Lapeña; *Campás*, de Jairo Iglesias; e *Marruecos, un viaje de colores*, de Álvaro Sanz.

23.00 h.

Actuación do grupo de gaitas e baile San Pedro de Cea, de Vilagarcía

Albarousa. Praza da Peixería.



23.00 h.

Concerto: Loquillo

A Xunqueira.

Desde hai case tres décadas Loquillo é unha "rock star", o xenuíno icono do rock español. E as súas cancións, auténticos himnos.

Loquillo tivo ademais a habilidade de reinventarse en varias ocasións. Cando os críticos -que non os fans, que sempre o seguiron- auguraban o seu ocaso, o músico catalán sacábase un as da manga e sorprendía a propios e estraños con propostas musicais asombrosas, sempre co seu particular toque persoal.

Iso volveu a ocorrer recentemente e Loquillo volve estar de rabiosa actualidade grazas á publicación da edición especial do dobre cedé e do deuveté *Balmora*, acompañado por unha xira homónima á que pertence o seu concerto en Vilagarcía.



Venres 21

10.30 a 13.30 h.

O club dos Superroquiños

Parque Miguel Hernández.

Xogos de animación e de cooperación, inchables, obradoiros, etc.

17.00 h.

IX Concentración moteira 36600

Zona Tir.

Saída da ruta turística con pinchada.

23.00 h.

Actuación da Agrupación de música e baile tradicional A.C.D. Dorna, da Illa

Albarousa. Praza da Peixería.

23.00 h.

Concerto: María Dolores Pradera

A Xunqueira.

A "gran dama da canción española" ten actuado nos máis importantes teatros e escenarios de España e América. Do seu repertorio forman parte auténticas lendas da música popular como *La flor de la canela* ou *Jazmines en el ojal*.

A súa voz suave e perfecta en múltiples rexistros -baladas, boleros, coplas, rancheiras, fados, etc.-, así como os seus grandes dotes dramáticos sobre o escenario, converteron as súas versións en clásicos da canción po-

pular en fala hispana.

Obtivo numerosos galardóns españois e internacionais, tanto pola súa faceta teatral como pola súa carreira como cantante, como o Premio Nacional de Teatro, a Medalla de Belas Artes e o Premio Lara.

Entre os seus últimos traballos atópanse diversas colaboracións con cantautores como Joaquín Sabina ou Rosana.

En novembro de 2008 publicou o seu último disco ata o de agora, *Cántoche un bolero*, acompañada polos Sabandeiros, disco no

que selecciona 11 boleros entre o mellor do repertorio clásico, onde se inclúen cancións como: *Contigo en la distancia*, *Cómo pasaron los años*, *Camino verde*, *En un rincón del alma* ou *No sé por que te quiero*, entre outras, cancións que sen dúbida formarán parte do repertorio do seu concerto en Vilagarcía.

00.00 h.

Festa Disco Session

Zona Tir. Concentración moteira
36600.

San

Roque

Vilagarcía

sábado 22



Agosto 2009

Sábado 22



10.30 a 13.30 h.

**O club dos Superroquiños:
A caixa dos mistos**

Parque Miguel Hernández.

Proxeccións de cine infantil e obradoiros de animación con plastilina.

12.00 h.

Travesía a nado Porto de Vilagarcía

Porto de Vilagarcía.

13.00 h.

Pasarrúas

Rúas de Vilagarcía.

Grupos de gaiteiros e de música tradicional, charangas e espectáculos de animación de rúa.

San
Roque
Vilagarcía

17.00 h.

**IX Concentración moteira
36600**

Zona Tir.

Saída da ruta turística con pinchada.

19.30 h.

Trofeo Pantera de Fútbol

Campo de fútbol municipal de Vilaxoán.

O trofeo disputarano o San Martín C.F. e o Arosa S.C.

20.00 h.

Pasarrúas

Rúas de Vilagarcía.

Grupos de gaiteiros e de música tradicional, charangas e espectáculos de animación de rúa.

21.00 h.

Show acrobático con motos e quads

Rúa Alexandre Bóveda.

*Organiza
Motoclub
36600 e
concellería
de Cultura.*





21.00 h.

**Encontro Folclórico
Ibiza-Galicia**

Praza de Galicia.

Coa participación dos grupos da
Associació Folklórica Sa Colla de
l'Horta de Jesús (Ibiza) y A Nosa
Señora da Xunqueira (Vilagarcía).

22.30 h.

**Verbena: Orquesta
Jerusalén**

Praza de Galicia.

A verbena proseguirá despois do
Combate.

23.00 h.

**Actuación do grupo de danzas
Amor Ruibal**

Albarousa. Praza da Peixería.

00.00 h.

Disco móbil

Zona Tir. Concentración moteira
36600.

Festa con dj's, gogós, stripers,
drag-queens, etc...

00.00 h.

Combate Naval

Praias da Concha e Compostela.



Rooque
Vilagarcía

domingo 23





Domingo 23

12.00 h.

Festa da Ameixa de Carril

Alameda de Carril.

As 12.00 horas procederáse ao nomeamento de novos Cabaleiros e Damas da Orde da Ameixa de Carril.

As 13.00 horas terá lugar a lectura do pregón.

As 13.30 horas abríranse os stands de degustación de ameixas (ate ás 16.00 horas).

12.00 h.

IX Concentración moteira 36600

Zona Tir.

Saída da ruta turística con pinchada.

12.00 h.

XV Bandeira Concello de Vilagarcía

Vilaxoán.

Regata encadrada dentro do calendario da Liga de Traiñas do Noroeste.

13.00 h.

Pasarrúas

Rúas de Vilagarcía.

Grupos de gaiteiros e de música tradicional, charangas e espectáculos de animación de rúa.

20.00 h.

Festa da Ameixa de Carril

Alameda de Carril.

Apertura dos stands de degustación (que permanecerán abertos ás 23.00 horas).

21.00 h.

Desfile de San Roque

Rúas de Vilagarcía.

Saída das carrozas acompañadas de charangas, grupos de música tradicional, animación e xogos de luces.

23.00 h.

Actuación da Asociación Folclórica Sa Colla de l'Horta, de Ibiza

Albarousa. Praza da Peixería.

Luns 24

21.00 h.

Gran cata final de Albarousa

Praza da Peixería.

Fallo do xurado e acto de entrega de premios.

23.00 h.

Actuación da Agrupación Folclórica Nos, de Sobradelo

Albarousa. Praza da Peixería.

Venres 28

Das 20.00 ás 23.00 h.

I Feira das Tapas

Parque Miguel Hernández.

Degustación de tapas ofrecida pola asociación de hosteleiros de Vilagarcía e coorganizada pola concellería de Turismo.

23.00 h.

Actuación da Agrupación Folclórica Abiñadoira, de Santiago

Albarousa. Praza da Peixería.

23.00 h.

Noite máxica: Willie Monroe e Tony Urdangarín

Rúa Elpidio Villaverde.

Festival internacional de maxia co-

as actuacións de Willie Monroe que presentará o seu show "Glob-session" e do mago Tony Urdangarín co seu espectáculo "Grandes ilusiones".

Sábado 29

De 13.00 a 15.30 e das 20.00 ás 23.00 h.

I Feira das Tapas

Parque Miguel Hernández.

Degustación de tapas ofrecida pola asociación de hosteleiros de Vilagarcía e coorganizada pola concellería de Turismo.

23.00 h.

Noite das meigas

Rúas de Vilagarcía.

Coa actuación do grupo folk Sog.

Organizan: UPTA-Galicia e Concellería de Cultura

Domingo 30

De 13.00 a 15.30 e das 20.00 ás 23.00 h.

I Feira das Tapas

Parque Miguel Hernández.

Degustación de tapas ofrecida pola asociación de hosteleiros de Vilagarcía e coorganizada pola concellería de Turismo.

San

Rooque

Vilagarcía

actividades deportivas



Agosto 2009



Ximnasia de mantemento

Até o 11 de setembro.

Praia de Compostela.

Horario: De luns a venres, de 9 a 10 e de 10 a 11 h.

Os luns, mércores e venres, de 21 a 22 h.

Prezo: De balde.

Actividade de libre participación na que non fai falla inscrición previa.

Aeróbic

Até o 28 de agosto.

Praia de Compostela.

Horario: De luns a venres: de 11 a 12 e de 20 a 21 de luns a venres.

Prezo: De balde.

Actividade de libre participación na que non fai falla inscrición previa.

Tai chi

Até o 24 de setembro.

Praia de Compostela.

Horario: Martes e xoves, de 21:00 a 22:00 h.

Prezo: De balde.

Actividade de libre participación na que non fai falla inscrición previa.

Ioga


Até o 26 de agosto.


Pavillón de Castela.

Horario: Luns e mércores, de 10 a 11 horas.

Prezo: De balde.

Actividade de libre participación na que non fai falla inscrición previa.





Badminton

Até o 28 de agosto.

Pavillón de Castela.

Horario: Martes e xoves, de 9.00 a 10:30 h.

Prezo: De balde.

Actividade de libre participación na que non fai falla inscrición previa.

Escola multideportiva de verán

Até o 28 de agosto.

Praia de Compostela.

Horario: De luns a venres, de 10 a 13 horas. Sábados, de 10 a 12 horas.

Prezo: 12,00 € 1 mes (xullo ou agosto) 18,00 € dous meses

Actividade de libre participación na que fai falla inscrición previa, deseñada para nenos nados nos anos 1995 a 2002. Pódense apuntar as actividades a desenvolver na praia ou ó patinaxe que desenvolverase os sábados no pavillón de Castela.

VII Trimaratón

Do 5 ao 8 de agosto.

Parque do Cavadelo.

Categorías: Nados no ano 1993 e anteriores.

Prezo: De balde.

Actividade na que é necesaria a realización da inscrición previa. Os equipos poden estar compostos de tres a cinco xogadores. Os equipos competirán en fútbol 3x3, baloncesto 3x3 e volei 2x2.

V Torneo de fut-voley

22 e 23 de agosto.

Praia de Compostela.

Categorías: Categoría A: nados entre 1996 e 1993. Categoría B: nados en 1992 e anteriores.

Prezo: De balde

Actividade na que é necesaria a realización da inscrición previa gratuíta. Os equipos poden estar compostos de dous ou tres xogadores.

Travesía a nado

Porto de Vilagarcía

22 de agosto.

Porto de Vilagarcía.

Categorías:

Categoría A: Nadadores federados e non federados nados nos anos 1997 e posteriores (ata 12 anos). Distancia: 800 m.


Categoría B: Nadadores federados e non federados nados nos anos 1994, 1995 e 1996 (de 13 a 15 anos).

Distancia: 1700 m.

Categoría C: Nadadores federados e non federados nados nos anos 1993 e anteriores. Distancia: 1.700 m.

Prezo: De balde

Actividade coorganizada pola Fundación de Deportes e o Club Natación Vilagarcía e está incluída dentro do campionato galego de longa distancia.





exposicións



Agosto 2009

San
Roque
Vilagarcía



Dalí

Até o 23 de agosto

“La Divina Comedia”

Sala Rivas Briones.

A mostra recolle unha das obras gráficas máis importantes do pintor catalán: as ilustracións de la *Divina Comedia* (1960), en xilografías (presentes todas na exposición), que amosan aspectos de Dante no seu percorrido polo inferno, onde é detido pola luxuria, a soberbia e a avaricia. Beatriz, o seu gran amor, envía na súa axuda ó poeta Virgilio quen lle guía por onde moran os seres atormentados, embarcando despois cara o purgatorio e ó final á contemplación celestial.

Agosto 2009

Marthazul e A. Metzli

Até o 14 de agosto “Vilagarciay.es”

Sala do Auditorio.

Vilagarciay.es”, ou o que é o mesmo, así é Vilagarciá, é o título da exposición que Marthazul e Augusto Metzli exhiben no Auditorio. Son quince pinturas coas que a parella plasma Vilagarciá en pinturas desde a perspectiva dunha nativa que redescubre a cidade a través dos ollos sorprendidos do artista mexicano. Desta forma, ilustran escenas da vida cotiá na cidade e dos aspectos que a caracterizan e converten en algo singular.



Agosto 2009



Miguel Riopa

Até o 31 de agosto “America's Cup 07”

CIRA (Praia de Compostela).

A mostra está formada pola serie de imaxes tomadas polo fotoxornalista pontevedrés, Miguel Riopa, durante a regata máis célebre do mundo. Entre as espectaculares fotografías atópase a imaxe pola que Riopa obtivo o segundo premio do World Press Photo 08, o certame máis prestixioso a nivel internacional no que a fotoxornalismo se refire.



Varios artistas

Do 8 de agosto ao 30 de setembro

“Aobre. Seis intervencións no Montaña”

Parque do Montaña.

Seis artistas da comarca de Arousa (Chazo, Xaquín Chaves, Enrique Conde, Uxío López, Manolo Paz e Francisco Pazos) expoñen outras tantas pezas escultóricas creadas para este singular espazo.

Thomson-Reuters

Até o 19 de setembro “Our world now”

Hall do Auditorio.

A mostra, con máis de 50 fotografías, recompila un ano enteiro de eventos importantes sucedidos ao redor do mundo durante o 2007. As imaxes foron publicadas pola prestixiosa axencia Thomson-Reuters. A exposición forma parte do programa “Proxecta 09”.





Agosto 2009

San
Rooque
Peregrina

Este programa de festas está suxeito a posibles variacións de última hora e incorporacións de novos eventos, que serán publicitadas a través dos medios de comunicación e dos canais e soportes informativos habituais.



Concello de
**Vilagarcía
de Arousa**

Colaboran:



Porto de Vilagarcía

Asociación Portuaria de Vilagarcía de Arousa

caixanova 

GADIS

HIPER FROIZ



CENTRO COMERCIAL
AROUSA



Consello Regulador do
MEXILLÓN DE GALICIA



ESPIÑA
& DELFIN S.L.



MAFARI
HOSTELERÍA



CLINICAS
VITAL DENT



Lantero
CARTÓN ONDULADO
JOSE LANTERO E HIJOS SA